

IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS 26 MARZO 2023

**40 días camiñando tras o tesouro de Xesús
En Betania recobra a VIDA plena**

1. VER: Un amigo é para sempre

- **Seguimos camiñando en Coresma**, buscando o tesouro, como nos propón Fano. Este domingo imos á pequena Betania onde Xesús visita a casa dos seus amigos Marta, María e Lázaro.
- Dise que un amigo é para sempre, con todo ás veces podemos perder a algún amigo. As razóns? Por cambiar de cidade e o tempo pode arrefriar a relación, ou porque houbo un mal entendido, por un enfado, por algunhas dificultades...

Perdiches algún amigo? Por que?

Que fas para ser un bo amigo?

2. XULGAR: Xesús é VIDA plena, vida para sempre

- **Xesús non quere perder a súa amizade connosco**, é o noso amigo fiel, amigo para sempre. Nada nin ninguén pode romper a súa amizade. Marta, María e Lázaro eran os seus amigos íntimos na vila de Betania, visitábaos, na súa casa pasaba tempo, contábanse as cousas... Coidaban a amizade.

- **Xesús faise presente nos problemas dos seus amigos.** Sucedeu a traxedia, Lázaro enferma e mórrese pronto. Pero **Xesús sempre está “aí”**. Marta dubida, a dor lle nubra a mente, fáltalle fe, cústalle entender que Lázaro poida volver á vida. Así que Xesús devolve a vida a Lázaro e aumenta a fe de Marta: *“Eu son a resurrección e a vida: o que cre en min, aínda que morrese, vivirá”*.
- **Xesús quere darnos a VIDA**, a vida plena xa hoxe: quere enchernos de felicidade, de alegría, enchernos da vida de Deus, enchernos de fe. Pero tamén nos regala a vida eterna: a vida que non se acaba, a vida para sempre. Pero non esquezamos que o crente non espera, tras a súa morte, un lugar onde vivir eternamente, sabe que unha persoa, todo un Deus está a esperalo; aínda en vida, o cristián está xa sendo esperado polo seu Pai. No bautismo Deus puxo en nós a tatuaxe, a semente da inmortalidade. –
- **Xesús quere quitarnos as “laxas”** que nos esmagan: “non se pode”, “non se fai”, “non teño fe”, “non está de moda”, “non podo máis”, “que ninguén me pida iso” ...

Que laxas hai na túa vida?

Que che está pedindo Xesús?

3. ACTUAR: Déixate re-vitalizar por Xesús

- Coida a amizade cos teus amigos. Coida especialmente a amizade con Xesús.
- Na morte dun ser querido trata de sentirte acompañado por Xesús, pídelle fe ao Deus da vida.
- Ao deitarte pensa que fixeches polos que están ao teu lado, polo mundo..., os pequenos milagres na vida cotiá... - Lembra que ao bautizarnos nacemos á vida da graza e á vida eterna.

Que imos facer?

LECTURAS

- **EZEQUIEL 37, 12-14:** *Poñerei o meu espírito en vós e viviredes.*
- **SALMO 129: R/.** Do Señor vén a misericordia, a redención copiosa.
- **ROMANOS 8, 8-11:** *O espírito do que resucitou a Xesús de entre os mortos habita entre vós.*
- **XOÁN 11, 3-7. 17. 20-27. 33-45** (forma breve): *Eu son a resurrección e a vida.*

Narrador: Naquel tempo, as irmás de Lázaro mandáronlle recado a Xesús dicindo:

Marta: -«Señor, o que ti amas está enfermo».

Narrador: Cando Xesús chegou, Lázaro levaba xa catro días enterrado. Cando Marta se decatou de que chegaba Xesús, saíu ao seu encontro, mentres María quedou en casa. E dixo Marta a Xesús:

Marta: -«Señor, se estiveses aquí non morrería o meu irmán. Pero aínda agora sei que todo o que pidas a Deus, Deus concederacho».

Narrador: Xesús díxolle:

Xesús: -«O teu irmán resucitará».

Narrador: Marta respondeu:

Marta: -«Sei que resucitará na resurrección no último día».

Narrador: Xesús díxolle:

Xesús: -«*Eu son a resurrección e a vida: o que cre en min, aínda que morrese, vivirá; e o que está vivo e cre en min, non morrerá para sempre. Crees isto?*».

Narrador: Ela contestoulle:

Marta: -«Si, Señor: eu creo que ti es o Cristo, o Fillo de Deus, o que tiña que vir ao mundo».

Narrador: Xesús conmoveuse no seu espírito, estremeceuse e preguntou:

Xesús: --«*Onde o enterrastes?*».

Narrador: Contestáronlle:

Xudeus: -«Señor, ven velo».

Narrador: Xesús botouse a chorar. Os xudeus comentaban:

Xudeus: -«Como o quería!».

Narrador: Dixo Xesús:

Xesús: -«*Quitade a laxa*».

Narrador: Entón quitaron a laxa. Xesús, levantando os ollos ao alto, dixo:

Xesús: -«*Pai, douche grazas porque me escoitaches; eu sei que ti me escoitas sempre; pero dígoo pola xente que me rodea, para que crean que ti me enviaches*».

Narrador: E dito isto, gritou con voz potente:

Xesús: -«*Lázaro, sae fóra*».

Narrador: O morto saíu, os pés e as mans atados con vendas, e a cara envolta nun sudario. Xesús díxolles:

Xesús: -«*Desatádeo e deixádeo andar*».

Narrador: E moitos xudeus que viñeran á casa de María, ao ver o que fixera Xesús, creron nel.

Palabra do Señor.

(Narrador – Marta – Xesús - Xudeus)